

SALA ÁRTIKA

Basada na obra “Biedermann e os incendiarios” de Max Frisch, NON PASARÁN desenvólvese nun país/lugar sacudido por unha vaga de incendios provocados por unha organización descoñecida.

O lema da cidadanía é claro “Non pasarán” é un chamado a non permitir a entrada de estraños nos fogares, que poderían poñer en perigo a súa integridade e á comunidade.

Con todo, Cándido e a súa filla Ana acollen a unha misteriosa parella na súa casa, o que desencadea unha serie de sucesos que transforman a súa vida cotiá. Incapaces de defender os seus propios principios, os personaxes vense atrapados nunha espiral de renuncias e comportamentos que os levará á autodestrución.



COÑECENDO O TEXTO

Cándido (Biedermann) é un cidadán de clase media que se sente demasiado cómodo para competir contra os poderosos por temor a posibles consecuencias. Non quere dar refuxio a Pérez (Eisenring), pero sucumbe ás súas sutís ameazas. Pola súa banda, Pérez utiliza habilmente o egoísmo, a desconfianza e a conciencia culpable de Cándido, e unha vez que o deixou entrar na súa casa, explícalle o seu plan en detalle finxindo que son bromas ou probas de valentía. Cándido míntese a si mesmo e négase a admitir o terrible da súa situación.

OBXECTIVOS

1. ANALIZAR CRÍTICAMENTE OS TEMAS SOCIAIS E FILOSÓFICOS PRESENTES NO ESPECTÁCULO.
2. REFLEXIONAR SOBRE OS VALORES ÉTICOS E SOCIAIS QUE PLANTEXA A OBRA, COMO A RESPONSABILIDADE, A CONFIANZA E OS PREXUIZOS.
3. RELACIONAR O TEXTO COS CONTEXTOS HISTÓRICOS E FILOSÓFICOS RELEVANTES, COMO OS TOTALITARISMOS DO SÉCULO XX OU AS REFLEXIÓNS ÉTICAS SOBRE O BEN E O MAL.
4. FOMENTAR A CAPACIDADE CRÍTICA PARA IDENTIFICAR PROBLEMÁTICAS ACTUALES SIMILARES ÁS QUE PLANTEXA A OBRA.

RESPONSABILIDADE, A CONFIANÇA E OS PREXUIZOS

LEMA



BANALIDADE DO MAL



[Watch video on YouTube](#)

Error 153

Video player configuration error



Despois da obra, redacta un texto no que reflexiones sobre:

Que impacto te causou a obra?

- Cándido: É culpable, vítima ou ámbas as dúas cousas?
- Pérez e Gómez: como manipulan o medo e a confianza das persoas? Que simbolizan?
- Ana: Que simboliza a súa resistencia? Que valores ten?

Que papel xogan os prexuizos e o medo nas decisións dos personaxes?

Que conclusións e ensinanzas che deixa a obra de Non pasarán?

Que valores consideras fundamentais para construír unha sociedade máis xusta e solidaria?